



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA
2 Novembro 2024

Encontro entre o Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra e a Deputación de Ourense

O presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, Antonio Lombardía, reuniuse co presidente da Deputación de Ourense, Luis Menor, para tratar diversos temas destinados a fortalecer esta denominación de orixe, considerada estratéxica para a provincia. Durante o encontro, analizáronse distintas accións centradas nas melloras para os produtores, na xestión e na promoción turística.

Un dos puntos centrais da reunión foi deseñar estratexias para orientar a Denominación de Orixe cara a maiores niveis de rendibilidade e negocio, mantendo como prioridade a conservación da paisaxe. Neste sentido, traballouse sobre como enfocar as accións en beneficio dos viticultores, adegas e do conxunto do territorio.

Outro obxectivo abordado foi impulsar a sustentabilidade do cultivo a través da instalación de estacións meteorolóxicas, que permitirán obter datos clave para optimizar a produción. Así mesmo, o Consello Regulador destacou a necesidade de avanzar na dixitalización, tanto na xestión interna como nas interaccións coas adegas e viticultores adscritos, co obxectivo de modernizar os procesos e mellorar a eficiencia.

No ámbito do turismo, salientouse a importancia de reforzar a promoción e, en concreto, a Ruta do Viño da Ribeira Sacra, que se consolida como un elemento relevante dentro da oferta turística.

Luis Menor reafirmou o compromiso da Deputación nestes ámbitos, subliñando que “estamos ante un sector absolutamente estratéxico para Ourense”. Pola súa banda, Antonio Lombardía destacou a colaboración institucional, sinalando a “boa sintonía entre o Consello Regulador e a Deputación de Ourense”. Lombardía declarou que “agradezo ao presidente o seu interese pola D.O. Ribeira Sacra e a súa disposición a acompañar os nosos esforzos na sustentabilidade da produción e na mellora da xestión, sen esquecer a necesaria promoción dos nosos viños e o impulso da Ruta do Viño da Ribeira Sacra, que beneficiará ao conxunto do territorio”.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org